
MEDIO PAN E UN LIBRO

Texto: FEDERICO GARCÍA LORCA

Tradución ao galego: HENRIQUE ALVARELLOS

Traducció al català: MIQUEL DESCLOT

Itzulpena: JUAN LUIS ZABALA

Encadernación rústica. 128 páx. 12 x 19 cm. 9 €.

ISBN 978-84-1343-000-3. Teoría.

*...Unha biblioteca que é unha reunión de libros agrupados
e seleccionados, que é unha voz contra a ignorancia;*

unha luz perenne contra a escuridade.

Ninguén se dá conta, ao ter un libro nas mans,

do esforzo, a dor, a vixilia, o sangue que custou.


O libro é, sen lugar a dúbidas, a obra maior da humanidade...

En setembro de 1931 Federico García Lorca inaugurou a biblioteca do seu pobo natal, Fuente Vaqueros, cun emocionante discurso de eloxio ao libro e á lectura como fonte de coñecemento contra a ignorancia, como alimento espiritual máis aló das necesidades vitais, como horizonte de liberación individual e colectiva fronte á opresión do sistema económico e político, como fiestra aberta á cultura... Lorca refírese ao libro como “a maior obra da humanidade” e formula un repaso cronolóxico dende os seus precedentes en pedra ata as publicacións actuais en papel, pasando pola invención da imprenta, que califica de “revolución das almas”.

As súas palabras son unha homenaxe ás bibliotecas pola importante función social que desempeñan, incrementando o nivel cultural da comunidade. Por iso lamenta que a barbarie das guerras arrasara tantas bibliotecas ao longo dos séculos. As mestras e mestres tamén están presentes na súa intervención para que lles inculquen o pracer da lectura aos máis cativos, ademais de animar os maiores a nutrirse de lecturas de todas as tendencias e ideas, amosándose partidario da pluralidade.

Esta edición especial de «Medio pan y un libro», con traducións en galego, català e éuscaro, é un recoñecemento á calidade literaria e intelectual dun texto con plena vixencia na actualidade, escrito coa paixón e coa convicción de quen foi e segue sendo unha figura fundamental na nosa historia recente. O seu carácter alegre e xovial contáxiase nesta inspiradora conferencia que invoca o poder transformador dos libros.

*Libros! Libros! Velaquí unha palabra máxica que equivale a dicir:
«amor, amor», e que deberían os pobos pedir como piden pan
ou como arelan a chuvia para a semente.*



-
- **Temática:** defensa do acceso aos libros e á lectura.
 - **Idade recomendada:** lectores autónomos.
 - **Aspectos destacables:** do autor de «[12 poemas de Federico García Lorca ilustrados por Gabriel Pacheco](#)» (Kalandraka).
 - **Avance do libro:** <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/medio-pan-y-un-libro>
-

Federico García Lorca

(Fuente Vaqueros, 1898 - Víznar, 1936)

“Nos seus poemas e nos seus dramas revélase como agudo observador da fala, da música e dos costumes da sociedade rural española. Unha das peculiaridades da súa obra é como ese ambiente, descrito con exactitude, chega a converterse nun espazo imaxinario onde se lle dá expresión a todas as inquedanzas máis fondas do corazón humano: o desexo, o amor e a morte, o misterio da identidade e o milagre da creación artística”.

[Da Fundación Federico García Lorca]
<http://www.garcia-lorca.org>

“Cuando muera, si es que muero, dejad el balcón abierto”. –Deixou dito. Tiña 38 anos...